



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TARIFA POLA UTILIZACIÓN DO ALBERGUE XUVENIL DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á aprobación da Ordenanza reguladora da tarifa pola utilización do albergue xuvenil do Concello de Cabana de Bergantiños, **RESOLVO:**

Primeiro: expoñer a través do portal web municipal (www.concello-cabana.es/) e na sede electrónica municipal (<https://sede.concello-cabana.es/es/>), durante o período de dez días naturais o texto íntegro da proposta de Ordenanza reguladora da tarifa pola utilización do albergue xuvenil do Concello de Cabana de Bergantiños durante os cales os interesados poderán presentar as súas propostas á redacción definitiva do texto. Así, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa: os derivados da inexistencia de regulación referentes ás tarifas pola utilización do albergue xuvenil. Estase levando a cabo a municipalización do servizo, cuxa memoria xustificativa propón como medio de xestión a concesión, cuxo réxime xurídico establece a necesidade de contar con este tipo de regulación.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación: obrigatoriedade determinada na lexislación das facendas locais.
- Os obxectivos da norma: regular as normas para a esixencia da tarifa proposta, feito imponible, suxeitos pasivos, nacemento da obriga e contía do prezo público.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias: dada a demanda da instalación, e o feito de contar cos permisos correspondentes para poner en funcionamento a instalación, non existen solucións alternativas ou non son axeitadas.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal e sede electrónica municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

BORRADOR DA ORDENANZA REGULADORA DA TARIFA POLA UTILIZACIÓN DO ALBERGUE XUVENIL DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

«ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL PÚBLICA NON TRIBUTARIA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO ALBERGUE MUNICIPAL.

Artigo 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 31.3 e 142 da Constitución Española, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

TRLRFL-, este Concello establece prestación patrimonial pública non tributaria derivada da prestación do servizo de albergue, que se rexerá por medio de Ordenanza.

Artigo 2. Obxecto

O obxecto da prestación patrimonial pública non tributaria está constituído pola prestación do servizo de albergue, previsto no artigo 20.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais – TRLRFL.

Artigo 3. Obrigados ao pago

Están obrigados ao pago as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria -LXT-, que utilicen o servizo.

Artigo 4. Obriga de contribuír

Nace a obrigación de contribuír cando se inicia a prestación do servizo.

Artigo 5. Tarifa

A cantidade para liquidar e esixir pola tarifa será a seguinte:

- *Pernocta por persoa e día menor de 30 anos: 9 €/noite.*
- *Pernocta por persoa e día maior de 30 anos, 13 €/noite.*
- *Almorzo buffet, 4 €/persoa.*
- *Servizo de lavandería comunitario, 1€/uso.*

Establécense as seguintes bonificacións:

- *Bonificación do 10% na tarifa de pernocta a todos os grupos de máis de dez persoas.*
- *Bonificación do 10% na tarifa de pernocta aos grupos escolares de máis de dez alumnos.*
- *Bonificación do 10% na tarifa de pernocta para os asistentes aos programas realizados polo albergue.*

Estas tarifas se entenden co IVE incluído do 10%.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Artigo 6. Xestión e liquidación

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público non se preste ou desenvolva non procederá satisfacer a tarifa e, no seu caso, procederá a devolución do importe pagado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor, unha vez publicada a súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia (e transcorre o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local - LRBRL- (art. 70), permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
